

Tacholas

Anxo Tarrío Varela

Hai anos que Luís Pérez andaba á procura de datos e de documentos gráficos e escritos sobre un personaxe galego da emigración a quen el admirou moito: o famoso actor de teatro e de cine Fernando Iglesias Sanchez (Ourense 1909- Buenos Aires 1991), máis coñecido por *Tacholas*. Sorpréndeme sempre este amigo e colega de angueiras docentes coas súas mostras de lealtade incólume cara aquelas persoas nas que cre, dedicándolle xenerosamente algo máis que o seu tempo. Así fixo, por exemplo, con Blanco Amor e con García Lorca. Agora, Luís Pérez agasállanos con outro estudo que, á parte do seu grande interese como fonte documental sobre o personaxe daquel gran galego que foi *Tacholas* e sobre o entorno da emigración na que viviu o máis da súa vida, vén oportunamente facerlle xustiza, toda vez que, falecido hai agora seis anos, moi pouca foi a resonancia que tivo no país.

O libro de Luís Pérez, que leva por título *Fernando Iglesias “Tacholas”, un actor auriense na Galicia ideal* (Sada/A Coruña: Edicións do Castro, Serie documentos, 1996), iníciase cun prólogo doutro gran galego-porteño, tamén desaparecido prematuramente hai agora poucas semanas, Ricardo Palmás (Buenos Aires 1940-Londres 1996), quen amosa alí a grande admiración que sentía polo actor galego e nos conta algunhas anécdotas que falan das grandes cualidades naturais que posuía *Tacholas* para a arte escénica, até o punto de ter conmovido a María Casares, cantándolle un alalá, e de ser eloxiado en público polo parco director do Actor’s Studio, de New York, Lee Strasberg, cando improvisou para el un monólogo da obra de Jorge Díaz *El lugar donde mueren los mamíferos*.

Luís Pérez coñeceu a Tacholas na Arxentina e quedou realmente prendido na súa persoalidade. O actor marchara á emigración no ano 1929 e desenvolveuse no Buenos Aires da emigración e do exilio republicano. O Buenos Aires que acolleu a Blanco Amor, a Rafael Dieste, a Luís Seoane, a Castelao, a Lorenzo Varela, a Arturo Cuadrado ou a Varela Buxán: “Para min, di o autor do libro, foi unha sorte ter coñecido a este habitante da Galicia Ideal, transmisor dunha mensaxe de ilusión para o seu pobo. Na miña primeira conversa con el, axiña me decatei das súas fondas conviccións galeguistas e, ó mesmo tempo, da súa elegancia, ó non querer falar mal non só de quen non pensaba coma el, senón tamén dos que non quixeron estar á altura dos acontecementos”. *Rara avis*, digo eu.

E a partir desa admiración Luís Pérez vains trazando a persoalidade, o entorno e as amizades que rodearon a *Tacholas* dende a súa infancia e primeira xuventude en Ourense, onde xa se iniciara nos grupos de coros e danzas, asistira (é de supoñer que de oínte) ás tertulias de Marcelo Macías e de Vicente Risco e lera a Lamas Carvajal, a Xavier Prado “Lameiro”, a Heraclio Pérez Placer e a Francisco Álvarez de Nóvoa, ata a súa morte no Buenos Aires de 1991, rodeado de admiradores e de familiares que sentían por el unha fonda devoción.

*Tacholas*, que apostou pola ponla costumista do noso teatro, defendeu sempre a dignidade da figura do galego na escena teatral, negándose a representacións degradantes do

tipo Xan das Bólas e foi quen asumiu o labor de primeiro actor na estrea en Buenos Aires (1941) da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, o que lle valeu o agasallo das caretas deseñadas polo rianxeiro para a súa peza. Pero ademais, *Tacholas*, que levou a cabo un gran labor dende a radio, foi tamén unha figura do cinema, do teatro e da TV arxentinos, segundo nos conta Luís Pérez no seu libro, traendo a colación documentos e cartas que avalan a consideración a que se fixo acreedor na capital do Plata, xustamente a raíz do paso pola cidade de Lee Strasberg, seguidor dos métodos de Stanislavski, e dos eloxios que fixo do noso paisano.

Por último, o libro presenta unha serie riquísima de testemuñas gráficas e algúns escritos inéditos de *Tacholas* que son tamén de gran valor para amosarnos outras facetas da súa persoalidade. Con todo isto, Luís Pérez dános outra mostra do interese que el puxo sempre na emigración, ese mundo aínda tan descoñecido por nós e que tanto necesita da atención dos estudiosos.

*O Correo galego*, 1997